



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA Á SELECCIÓN DE 2 XEFES BRIGADAS DE INCENDIOS

Expediente: 2024/E001/000014

Reunidos na Casa do Concello as 10:05 horas, segundo as bases do proceso, cos seguintes membros:

Os/as asistentes son os seguintes:

- Presidente: Ramón Soengas Gómez, arquitecto do Concello da Laracha
- Secretaria: Ana Carmen Jiménez Mosquera, ADL do Concello da Laracha
- Vogais:
 - Lucía Barreiro Angeriz, xefa de negociado de secretaria do Concello da Laracha
 - Juan C. Antelo, técnico de administración xeral do Concello da Laracha
 - Marta Caamaño Tuset, arquitecto do Concello da Laracha.

De seguido declárase constituído o Tribunal cualificador de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das que os distintos membros son coñecedores.

Os membros do tribunal declaran ter consultado a lista definitiva de aspirantes e que non concorre ningunha situación de abstención/recusación segundo o disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

Posteriormente, procédese á valoración dos méritos alegados polos aspirantes para a fase de concurso, que tal e como se indica na base quinta, será previa á fase de oposición.

Na experiencia profesional será necesario presentar contratos de traballo, toma de posesión/ nomeamento ou certificación de servizos prestados xunto ca vida laboral.





Na formación so serán valorados os cursos que estean relacionados coas funcións propias do posto e que contén con homologación oficial (impartidas por administracións públicas, entidades ou organismos dependentes destas). Non se valorarán as accións formativas de menos de 50 horas nin as que teñan máis de 15 anos de antigüidade. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos deberá constar a data de realización, duración, obxecto e temario, de non figurar, non serán valorados

Finalizada a valoración, faise público o seu resultado:

NOME	APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA LABORAL (MAX. 4P)	FORMACIÓN (MAX. 2P)	TOTAL
KEDUS JOSÉ	DUEÑAS RAMALLO	***7917**	0,6	0,25	0,85
SANTIAGO	LÓPEZ LIÑARES	***4500**	1,2	0,25	1,45
DIEGO	PATIÑO EGEA	***1819**	4	0	4
JUAN CARLOS	PEDREIRA IGLESIAS	***1927**	4	0,25	4,25
JOSE MANUEL	TARRIO CASTRO	***0204**	0	0,25	0,25

Establécense un prazo de 3 días hábiles para reclamacións.

Convócase aos aspirantes á proba de esforzo físico (proba do banco) o vindeiro Martes día 11.06.2024 ás 9:00 horas no baixo da biblioteca municipal da Laracha: C/ Manuel Murguía s/n.

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 11:15 horas, asinando a secretaria do Tribunal a marxe.

